

TEMA 2. A CONFIGURACIÓN DO IMPERIO ESPAÑOL NO SÉCULO XVI

A chegada dos **Habsburgo** ou **Austrias** prodúcese cando **Juana**, que era a 3ª filla dos **RRCC** e se convertera na herdeira dos seus tronos debido á morte dos seus irmáns maiores, casa con **Felipe I “o fermoso”**, un **Habsburgo** que reinou só un ano ao morrer subitamente.

Ante a suposta tolemia de **Juana “a tola”** e dado que o matrimonio tivera 6 fillos, será o primeiro deles, **Carlos**, nacido en **Gante** (en Flandes, de onde viñera seu pai), quen, con só 16 anos, en **1516**, herda de golpe todos os reinos de seus pais e avós:

dos Trastámara: Castilla, Navarra e a América Hispana + Aragón, Sicilia, Nápoles e Cerdeña

dos Habsburgo e Borgoña: Austria, Flandes, Milán e Borgoña.

Completábase así a **Unión Dinástica dos RRCC**, ao reinar unha soa persoa en **Aragón** e **Castilla**, ao tempo que se unían agora outros enormes territorios dispersos por toda Europa. Pero non era suficiente, pois **Carlos** ambicionaba tamén ser **Emperador do Sacro Imperio Romano Xermánico**, algo que logrou mercando os votos necesarios para saír elixido, pero que o levou a esixir enormes impostos na **Coroa de Castilla** (o que provocou revoltas), e a endebedarse tanto que o levou á bancarrota en **1556**, ao tempo que loitaba en numerosas fronteas: con **Francia**, cos **protestantes**, cos **otománs** e co **Papa**, obsesionado pola idea de crear unha monarquía católica universal.

Esgotado tras 40 anos de goberno e guerras, decide abdicar e retirarse ao **mosteiro de Yuste**, dividindo antes as súas vastas posesións: deixando por un lado ao seu **irmán** o goberno do **Sacro Imperio Romano Xermánico**, en Europa central; e polo outro ao seu fillo **Felipe** o resto de territorios (a monarquía hispánica).

Así, **Felipe II** herda un enorme imperio no que “non se poñía o sol”, que gobernou desde Castilla.

Igual que seu pai, combateu en numerosas fronteas, tamén obsesionado pola defensa do catolicismo, provocando enormes gastos e unha crise que se enquistará durante todo o XVII.

Un problema máis importantes durante o seu reinado foi a **Rebelión en Flandes**, como resposta ao seu intento de impoñer alí o catolicismo, eliminando a liberdade de culto que había. Isto deu lugar á **Guerra dos 80 anos**, que acabou coas provincias do norte independizándose (Holanda) grazas en gran parte á continua axuda prestada por **Inglaterra**, e tras conseguir derrotar por vez primeira vez aos **Terzos*** a temida infantaría de elite do imperio hispánico.

Outro dos cambios foi a **incorporación de Portugal** á monarquía hispánica, grazas á súa condición de fillo dunha princesa portuguesa (**Isabel de Portugal**) o que lle permitiu enviar un exército para reclamar o trono, ao morrer sen fillos o rei portugués. As **Cortes** recoñéceno a cambio de que respecte as normas e institucións portuguesas, e así é como se incorpora non só **Portugal** senón tamén todo o seu enorme **imperio colonial**.

Finalmente, hai que destacar a **Guerra contra Inglaterra**, motivada pola violenta separación inglesa da igrexa católica, polo apoio que os ingleses prestaban aos rebeldes protestantes de Flandes e polos ataques continuos de piratas ingleses ás flotas e colonias españolas. Por todo isto, **Felipe II** planifica a invasión e conquista de **Inglaterra**, reunindo unha **Grande Armada*** en **1580** (os ingleses chamaríana **Armada Invencible**), coa que pretendía recoller aos terzos de Flandes e desembarcar nas costas británicas. Pero un temporal dispersou a flota e obrigouna a unha penosa travesía arredor das illas, regresando tan só 87 dos 127 barcos que a conformaban.

Inglaterra vendeuno como unha vitoria e respondeu creando unha **Contraarmada** para atacar, pero este intento de invasión inglesa da península fracasaría tamén tan só un ano despois, destacando neste capítulo a defensa da cidade da **Coruña** con **María Pita** como heroína.